

*Orde do 2 de agosto de 2007 pola que se modifica a do 26 de marzo de 2007 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión en réxime de concorrencia competitiva de subvencións a entidades de iniciativa social, para o desenvolvemento de programas que contribúan a fomentar a inclusión social e a integración no mercado de traballo das persoas en situación ou risco de exclusión social, e se procede á súa convocatoria.*

A Orde do 26 de marzo de 2007 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión en réxime de concorrencia competitiva de subvencións a entidades de iniciativa social, para o desenvolvemento de programas que contribúan a fomentar a inclusión social e a integración no mercado de traballo das persoas en situación ou risco de exclusión social e se procede á súa convocatoria (DOG nº 65, do 2 de abril de 2007) establece no seu artigo 4 que na concesión destas subvencións se destina a cantidade de 300.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 05.31.312F.481.6.

Pola Orde do 13 de xuño de 2007 amplíase o importe na contía de 213.327,35 € con cargo á mesma aplicación orzamentaria.

Existindo outra dotación dispoñible para o mesmo fin, cómpre ampliar o importe do crédito destinado ás subvencións que poderán ser concedidas ao abeiro desta orde coa finalidade de facer chegar estas ao maior número de beneficiarios posible.

Por todo o exposto e no uso das facultades que me foron conferidas,

**DISPOÑO:**

Artigo único.

Primeiro.-Ampliar o importe total das subvencións que se van conceder ao abeiro da Orde do 26 de marzo de 2007, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión en réxime de concorrencia competitiva de subvencións a entidades de iniciativa social, para o desenvolvemento de programas que contribúan a fomentar a inclusión social e a integración no mercado de traballo das persoas en situación ou risco de exclusión social na contía de 64.658 euros, cofinanciados nun 80% polo Fondo Social Europeo e o 20% restante pola Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, con cargo á aplicación orzamentaria 05.31.312F.481.4.

Segundo.-Esta modificación non afecta o prazo establecido na devandita orde para a presentación de solicitudes.

Santiago de Compostela, 2 de agosto de 2007.

Anxo Manuel Quintana González  
Vicepresidente da Igualdade e do Benestar

*Orde do 3 de agosto de 2007 pola que se regula o procedemento para o reintegro individual de gastos por asistencia a actividades de formación do persoal das escolas infantís 0-3 anos da Xunta de Galicia.*

A Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar, no ámbito das competencias atribuídas polo Decreto

517/2005, do 6 de outubro, polo que se establece a súa estrutura orgánica, está a desenvolver a través da Secretaría Xeral da Igualdade o Plan de calidade 2006-2009 nas escolas infantís 0-3 anos da Xunta de Galicia. O dito plan inclúe, entre outras liñas de actuación, a mellora do proxecto educativo, o impulso da mellora da calidade dos servizos dos centros potenciando a participación de todos os sectores implicados, o reforzamento do proceso formativo e do recoñecemento profesional dos educadores, a inclusión das novas tecnoloxías da información e da comunicación e de novos recursos sociais.

No marco do devandito Plan de calidade é, sen dúbida, a participación e a formación do persoal das escolas infantís unha das medidas que a Secretaría Xeral da Igualdade quere impulsar de forma prioritaria, facilitando o proceso formativo dos seus traballadores e traballadoras, prestándolles o apoio necesario para que asistan e participen en diversas actividades, de forma que amplíen os seus coñecementos e fomenten a motivación para mellorar o seu traballo, que redundará na calidade dos servizos que as escolas infantís prestan aos máis pequenos, aos seus pais e ás súas nais.

Ademais da programación das actividades formativas que organiza a propia Secretaría Xeral da Igualdade para o persoal dos seus centros, ben directamente ou ben a través da Escola Galega de Administración Pública, existen outros proxectos de carácter formativo moi interesantes que realizan outras entidades e que teñen por obxecto mellorar a calidade dos servizos das escolas infantís, pero que supoñen un esforzo económico dos traballadores e traballadoras para participar neles. Por iso, a Vicepresidencia da Igualdade e do Benestar co fin de contribuír á formación permanente do persoal das escolas infantís da Xunta de Galicia e de apoiar as iniciativas que se formulan nese sentido, considera necesario establecer un sistema de reintegro individual dos gastos, cando menos parcial, das actividades formativas para facilitar así a asistencia e participación dos traballadores e traballadoras .

Os reintegros individuais derivados de asistencia a actividades de formación que se establecen nesta orde financiaranse con cargo á aplicación orzamentaria 05-20.311A.228 recollida na Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para 2007 e o importe destinado ascende á cantidade de 6.000 euros.

En virtude do exposto, e no exercicio das atribucións que me foron conferidas,

**DISPOÑO:**

Artigo 1º.-Obxecto.

1. É obxecto desta orde establecer o procedemento para o reintegro individual de gastos derivados de asistencia a actividades formativas do persoal das escolas infantís 0-3 anos da Xunta de Galicia.

2. Os gastos que poderán ser reintegrados son os relativos á matrícula, desprazamento e gastos xerais derivados de actividades de formación que non teñan un carácter regrado e se realicen durante o ano 2007.

Artigo 2º.-Persoal beneficiario.

Poderá solicitar os devanditos reintegros todo o persoal das escolas infantís 0-3 anos da Xunta de Galicia que teñan na data da solicitude unha relación laboral indefinida ou interina.

### Artigo 3º.-Contido das actividades de formación.

As actividades formativas para as que se pode solicitar o reintegro -cursos, encontros, xornadas, congresos, conferencias, etc.- estarán relacionadas con calquera área da infancia e terán en conta, entre outros, os seguintes aspectos ou materias: adecuación dos coñecementos e métodos á evolución das didácticas específicas da infancia, o coñecemento das tecnoloxías da información e da comunicación, a formación das didácticas en linguas estranxeiras vinculadas á área da educación infantil, así como aqueles aspectos relativos á organización, coordinación, orientación, tutoría e tamén a atención educativa á diversidade, encamiñados todos eles a mellorar a calidade da educación e o funcionamento dos centros. Ocupará un lugar relevante a formación específica en materia de igualdade nos termos establecidos no artigo 7 da Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, sobre medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

Artigo 4º.-Tipos de reintegro, contía e dotación orzamentaria.

Pódense solicitar reintegros para gastos de matrícula, desprazamento e gastos xerais derivados das actividades formativas. A dotación orzamentaria destinada aos reintegros individuais será por un importe total de 6.000 euros, e financiaranse con cargo á partida 05-20.311A.228 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2007.

Os límites dos reintegros establécense en función de onde se realice a actividade:

- En Galicia, ata un máximo de 200 euros.
- No resto do territorio do Estado, ata un máximo de 500 euros.
- No estranxeiro, ata un máximo de 1.000 euros.

Unha vez esgotado o orzamento asignado, serán denegadas as solicitudes que se presenten con posterioridade.

Artigo 5º.-Solicitudes e documentación.

1. As persoas interesadas deberán dirixir a solicitude, conforme o modelo do anexo I, á Secretaría Xeral da Igualdade, directamente ou mediante calquera dos procedementos establecidos no artigo 38.4º da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, cunha antelación, polo menos, de 20 días naturais antes do comezo da actividade para a que solicita o reintegro.

2. Coa solicitude xuntarase a seguinte documentación:

- a) Fotocopia da convocatoria ou programa da actividade.
- b) Informe da dirección do centro no que se xustifique a importancia e conveniencia de participar na actividade.
- c) Breve memoria explicativa do/a interesado/a sobre os motivos da solicitude da actividade e da incidencia desta no desenvolvemento do seu traballo.
- d) Orzamento da matrícula e/ou desprazamento, e/ou outros gastos xerais derivados da actividade formativa.
- e) Declaración xurada de non estar gozando de licenza por estudos remunerada durante o período de realización da actividade de formación e de non percibir outro tipo de axuda para a mesma actividade.

3. Recibida a documentación e, de acordo co establecido no artigo 71 da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento admi-

nistrativo común, modificada pola Lei 4/1999, do 13 de xaneiro, requiriráselles a aqueles solicitantes que non achegaran todos os documentos anteriormente sinalados que nun prazo de dez días emenden as faltas ou remitan os documentos que falten, con indicación de que, se así non o fixeran, teranse por desistidos da súa petición, logo da resolución nos termos establecidos no artigo 42.

Artigo 6º.-Comisión de valoración.

A contía do reintegro fixarase tendo en conta as características da actividade, o lugar de realización e demais circunstancias da solicitude, que serán valoradas por unha comisión que se reunirá periodicamente en función do volume das solicitudes, e que estará integrada polas seguintes persoas:

-Presidente: o subdirector xeral de Familia.

-Vogais: a xefa do Servizo de Familia e Programas Especiais e un funcionario/a da Secretaría Xeral da Igualdade que, á súa vez, realizará as funcións de secretario/a.

Artigo 7º.-Resolución.

1. Á vista da proposta da comisión de valoración, a secretaria xeral da Igualdade, por delegación do vicepresidente da Igualdade e do Benestar, resolverá a concesión ou denegación do reintegro no prazo máximo dun mes desde a presentación da solicitude.

A solicitudes entenderanse desestimadas de non existir resolución expresa no prazo de tres meses, contados a partir da data de entrada da solicitude no rexistro xeral.

2. As resolucións recaídas neste procedemento esgotan a vía administrativa, e contra elas pode interpoñerse recurso contencioso-administrativo ante o órgano xurisdiccional competente, no prazo de dous meses a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdicción contencioso-administrativa.

Potestativamente, e con anterioridade á interposición do referido recurso contencioso-administrativo, poderá interpoñerse recurso de reposición ante o mesmo órgano que ditou o acto, no prazo dun mes a partir do día seguinte ao da notificación da resolución. Neste caso, non poderá interpoñerse o recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto, expresamente ou por desestimación presunta, o recurso de reposición.

Artigo 8º.-Xustificación e pagamento.

Unha vez finalizada a actividade, para poder facer efectivo o pagamento do reintegro, que en calquera caso soamente se axustará aos gastos xustificadas, a persoa interesada deberá remitirle á Secretaría Xeral da Igualdade, nun prazo de 20 días hábiles, a seguinte documentación:

- a) Relación valorada dos gastos realizados, que será conformada polo órgano xestor. Esta relación deberá vir acompañada dos correspondentes xustificantes: documento orixinal de pagamento da matrícula da actividade, dos gastos de desprazamento segundo corresponda-billete, factura ou declaración xurada de ter realizado o desprazamento en coche propio- e dos gastos xerais derivados da actividade formativa.
- b) Copia do certificado de asistencia.
- c) Breve memoria que valore a actividade desenvolvida

*Disposicións adicionais*

Primeira.-A concesión dos reintegros regulados nesta orde terá como límite global o crédito asignado nos orzamentos para este fin. En todo caso, as actividades formativas deberán realizarse dentro do exercicio económico 2007.

Segunda.-Apróbase a delegación de atribucións do vicepresidente da Igualdade e do Benestar na secretaria xeral da Igualdade para resolver a concesión, denegación, modificación ou outras incidencias dos reintegros previstos nesta orde.

*Disposicións derradeiras*

Primeira.-Autorízase a secretaria xeral da Igualdade para ditar as disposicións necesarias para o desenvolvemento desta orde.

Segunda.-Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 3 de agosto de 2007.

Anxo Manuel Quintana González  
Vicepresidente da Igualdade e o Benestar



**XUNTA DE GALICIA**  
VICEPRESIDENCIA  
DA IGUALDADE E DO BENESTAR  
Secretaría Xeral da Igualdade

ANEXO I

PROCEDEMENTO  <b>SOLICITUDE DE REINTEGRO INDIVIDUAL DE GASTOS POR ASISTENCIA A ACTIVIDADES DE FORMACIÓN DO PERSOAL DAS ESCOLAS INFANTÍS 0-3 ANOS DA XUNTA DE GALICIA</b>	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO  <b>VP402C</b>	DOCUMENTO  <b>SOLICITUDE</b>
--	---	------------------------------------

DATOS DA ACTIVIDADE

TÍTULO DA ACTIVIDADE		
<input type="text"/>		
LUGAR DE REALIZACIÓN	DATA INICIO	DATA FIN
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

DATOS DO/A SOLICITANTE

NOME E APELIDOS		DNI	
<input type="text"/>		<input type="text"/>	
ENDEREZO		PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL
<input type="text"/>		<input type="text"/>	<input type="text"/>
CONCELLO	TELÉFONO	TELEFAX	CORREO ELECTRÓNICO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

DATOS DA CONTA BANCARIA

CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO SUCURSAL	DÍXITOS DE CONTROL	CÓDIGO CONTA CORRENTE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

DATOS DO CENTRO DE TRABALLO DO/A SOLICITANTE

NOME DO CENTRO			
<input type="text"/>			
ENDEREZO		PROVINCIA	CÓDIGO POSTAL
<input type="text"/>		<input type="text"/>	<input type="text"/>
CONCELLO	TELÉFONO	TELEFAX	CORREO ELECTRÓNICO
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

CONTÍA DO REINTEGRO SOLICITADO

CUSTO DA ACTIVIDADE	CUSTO DO DESPRAZAMENTO	GASTOS XERAIS	CANTIDADE SOLICITADA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

LEXISLACIÓN APLICABLE  <i>Orde do 3 de agosto de 2007 pola que se regula o procedemento para o reintegro individual de gastos por asistencia a actividades de formación do persoal das escolas infantís 0-3 anos da Xunta de Galicia.</i>
SINATURA DO/A SOLICITANTE OU O/A REPRESENTANTE LEGAL  Lugar e data _____, de _____ de 2007

(Para cubrir pola Administración)		NÚMERO DE EXPEDIENTE
RECIBIDO		_____
		DATA DE ENTRADA
		___/___/___
		DATA DE EFECTOS
		___/___/___
		DATA DE SAÍDA
		___/___/___
REVISADO E CONFORME		